

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

**2990** *Real decreto 199/2017, do 3 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Programa nacional de conservación e utilización sustentable dos recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación.*

A Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos, regulou, no seu título IV, en tres capítulos, as definicións, o acceso e o Programa nacional sobre recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación.

A lei tiña en conta os recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación, conservados, tanto *in situ* como *ex situ*, así como as disposicións do Tratado internacional sobre os recursos fitoxenéticos para a alimentación e a agricultura, feito en Roma o 3 de novembro de 2001, e ratificado polo Reino de España mediante instrumento de ratificación do 17 de marzo de 2004 (BOE do 5 de maio de 2004).

A recente ratificación do Protocolo de Nagoia sobre acceso aos recursos xenéticos e a participación xusta e equitativa nos beneficios que deriven da súa utilización, así como a publicación do Regulamento (UE) n.º 511/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, relativo ás medidas de cumprimento dos usuarios do Protocolo de Nagoia sobre o acceso aos recursos xenéticos e participación xusta e equitativa nos beneficios que deriven da súa utilización na Unión, incorporan determinadas regras que afectan as coleccións de recursos fitoxenéticos dos Estados membros da Unión Europea.

Non obstante, o capítulo III do título IV da Lei 30/2006, do 26 de xullo, dedicado ao Programa nacional de conservación e utilización sustentable dos recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación, só require de disposicións nacionais para a súa total efectividade, posto que se trata de deseñar a política española en materia de conservación e utilización dos nosos propios recursos, xa se encontren conservados *in situ* ou *ex situ*.

A competencia en materia de recursos fitoxenéticos corresponde ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co artigo 8 do Real decreto 401/2012, do 17 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, sen prexuízo de que a propia Lei 30/2006, do 26 de xullo, establece na súa disposición derradeira primeira, letra b), do ámbito competencial do Programa nacional de conservación e utilización sustentable dos recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación, que a dita competencia debe ser exercida en coordinación coa Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

As accións de conservación e investigación das entidades responsables das coleccións de xermoplasma viñeron sendo xestionadas polo Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria desde as súas orixes, tanto cando era un organismo autónomo adscrito ao extinto Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación como na actualidade, que está adscrito á Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación. O Programa de conservación e utilización de recursos fitoxenéticos foi creado pola Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 23 de abril de 1993 e, no seu artigo 6, determínase que «para o desenvolvemento das accións recollidas no artigo anterior estableceranse axudas con cargo aos orzamentos do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria». Posteriormente, en virtude do Real decreto 1951/2000, do 1 de decembro, polo que se aproban os estatutos do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria, asígnanselle especificamente as competencias de programar, xestionar e coordinar os recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación que, coa reestruturación de departamentos ministeriais efectuada polo Real decreto 557/2000, do 27 de abril, pasa a financiarse con recursos

precedentes dos programas do Plan estatal nacional de investigación científica e técnica e de innovación.

O Centro Nacional de Recursos Fitoxenéticos é o centro do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria que, pola propia Lei 30/2006, do 26 de xullo, é responsable da conservación a longo prazo dos recursos fitoxenéticos, da xestión do Inventario nacional e da coordinación das actuacións dos bancos de xermoplasma da Rede de coleccións do programa nacional. Para levar a cabo as actuacións en que se concreta esa política nacional en materia de recursos fitoxenéticos, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente sèrvese do apoio técnico do Centro Nacional de Recursos Fitoxenéticos, sen prexuízo da súa dependencia orgánica e administrativa do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria.

A política española en materia de conservación de recursos fitoxenéticos materializarase, de acordo co Programa nacional, a través dos plans de actuación cuadrienais, que definirán as accións concretas que se pretenden levar a cabo en materia de conservación e investigación asociada á conservación dos recursos fitoxenéticos. Coa finalidade de cubrir estas actuacións, tanto o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente como o Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria serán os encargados da definición dos ditos plans, así como de financiar as ditas accións de acordo co indicado neste real decreto, e atendendo ás súas dispoñibilidades orzamentarias. Nestas accións e no seu financiamento poderían colaborar tamén as comunidades autónomas, fundacións, e mesmo entidades privadas propiciando a colaboración entre os axentes implicados e a difusión dos resultados obtidos.

Finalmente, prevese a constitución da Comisión Nacional de Conservación e Utilización dos Recursos Fitoxenéticos para a Agricultura e a Alimentación, a cal non ten o carácter de órgano de cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas, dos establecidos nos artigos 145 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Na elaboración desta disposición consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector.

Na súa virtude, por proposta conxunta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, e do ministro de Economía, Industria e Competitividade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de marzo de 2017,

#### DISPOÑO:

*Artigo único. Aprobación do Regulamento do Programa nacional de conservación e utilización sustentable dos recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación.*

Apróbase o Regulamento do Programa nacional de conservación e utilización sustentable dos recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación, que figura a continuación.

*Disposición adicional primeira. Non incremento do gasto público.*

O disposto neste real decreto non suporá aumento do gasto público. As funcións e os gastos que se orixinen serán asumidos cos medios orzamentarios, persoais, técnicos e materiais xa existentes destinados ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, e aos organismos dependentes de ambos os ministerios, sen que poida supor incremento de retribucións.

Disposición adicional segunda. *Réxime normativo.*

1. O presente real decreto desenvolve os artigos 48, 49, 50 e 51 do capítulo III «Programa nacional de conservación e utilización sustentable dos recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación» do título IV «Recursos fitoxenéticos» da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos.

2. O desenvolvemento completo sobre as condicións de acceso aos recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación, as que deben cumprir os solicitantes, as autoridades responsables, as obrigacións que asume o Estado en materia de control dos recursos fitoxenéticos utilizados no Reino de España e provenientes de terceiros países, as comunicacións aos puntos focais do Tratado internacional sobre os recursos fitoxenéticos para a alimentación e a agricultura (TIRFAA) e do Protocolo de Nagoia estableceranse nun regulamento aprobado por real decreto, que incluírá as disposicións contidas neste.

Disposición adicional terceira. *Supresión da Comisión do Programa de Conservación e Utilización de Recursos Fitoxenéticos.*

Queda suprimida a Comisión do Programa de Conservación e Utilización de Recursos Fitoxenéticos, adscrita ao Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria.

Disposición adicional cuarta. *Compromisos derivados do Protocolo de Nagoia.*

O seguimento e as medidas de cumprimento da utilización no Reino de España dos recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación recollidos no Tratado internacional de recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación farase conforme o disposto no Regulamento (UE) n.º 511/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, relativo ás medidas de cumprimento dos usuarios do Protocolo de Nagoia sobre o acceso aos recursos xenéticos e participación xusta e equitativa nos beneficios que deriven da súa utilización na Unión.

Disposición transitoria única. *Plan de actuación de carácter provisional.*

1. O Programa nacional establece as liñas de traballo e as medidas correspondentes para a consecución dos fins e obxectivos establecidos. Ademais, para o cumprimento dos fins do Programa nacional desenvolveranse plans de actuación cuatrienais que determinarán as accións concretas que se financiarán durante o seu período de vixencia, así como as accións de coordinación para a súa execución. Até que o primeiro Plan de actuación estea aprobado conforme o establecido neste real decreto, establécese un plan de actuación de carácter provisional para 2017, e que poderá ser prorrogado.

2. O Plan de actuación provisional sobre os recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación ten como obxectivo a conservación e uso sustentable dos recursos xenéticos para a agricultura e a alimentación como base da soberanía e seguridade alimentaria. É fundamental, por tanto, a súa conservación para evitar a perda de diversidade xenética das especies, variedades tradicionais e ecotipos autóctonos, e para garantir a dispoñibilidade dos xenotipos necesarios para a mellora xenética, investigación e uso directo.

3. Promoveranse os tipos de accións previstas nos números seguintes e distinguirase entre as accións permanentes que exixen financiamento anual e as accións suplementarias ou específicas que poden estar suxeitas a dispoñibilidade orzamentaria.

4. Accións de conservación.

a) Accións de conservación *ex situ*. Considéranse preferentes as seguintes accións permanentes:

1.<sup>a</sup> Mantemento da Rede de coleccións do programa nacional, tanto das especies conservadas por sementes como das de reprodución vexetativa mantidas en campo ou *in*

*vitro* incluíndo a conservación, multiplicación e rexeración do material e garantindo o seu bo estado sanitario e viabilidade.

2.<sup>a</sup> Caracterización primaria das coleccións activas.

3.<sup>a</sup> Duplicación na colección base do Centro de Recursos Fitoxenéticos (CRF) do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA) das coleccións de sementes ortodoxas da Rede de coleccións do programa nacional que aínda non foron depositadas no CRF.

4.<sup>a</sup> Duplicación da colección activa de cereais e leguminosas do Centro de Recursos Fitoxenéticos do INIA, que actualmente comparte instalacións coa colección base.

5.<sup>a</sup> Ademais, considérase como acción específica a prospección, recolección dos recursos fitoxenéticos tradicionais, autóctonos ou de importancia socioeconómica ou ambiental de especies agrícolas, e de especies silvestres emparentadas, en risco de extinción aínda non recollidos; en particular, os de especies menores e en desuso e os existentes en zonas marxinais para o seu cultivo.

b) Accións de conservación *in situ*.

1.<sup>a</sup> Apoio ao manexo en predios de cultivos de variedades tradicionais, así como a súa promoción da comercialización.

2.<sup>a</sup> Conservación no seu hábitat de especies silvestres emparentadas coas cultivadas e plantas silvestres con valor potencial para a agricultura e a alimentación, tendo en conta os instrumentos de protección e xestión da biodiversidade silvestre.

5. Accións de investigación relativas á aplicación das tecnoloxías apropiadas para a conservación, identificación, caracterización e avaliación.

a) Caracterización avanzada das características agronómicas, químicas, económicas, de resistencia a pragas e enfermidades, de adaptación ao medio así como a caracterización molecular con marcadores ben coñecidos e establecidos para a especie.

b) Racionalización das coleccións activas en coordinación coa Rede de centros con base na caracterización anterior.

c) Establecemento de coleccións nucleares suficientemente representativas da variabilidade das coleccións cando estas sexan moi numerosas.

d) Optimización dos sistemas de conservación para mellorar a viabilidade e o bo estado sanitario do material.

6. Accións de información e documentación relacionadas co Inventario nacional.

a) Documentación dos datos procedentes de caracterización primaria e avanzada das entradas conservadas, incorporando ademais os datos dispoñibles de carácter ecoxeográfico e de coñecementos tradicionais, para facilitar a súa correcta catalogación.

b) Uso da bioinformática e os sistemas de información xeográfica para analizar e interpretar grandes cantidades de datos.

7. Accións de sensibilización, divulgación, capacitación e desenvolvemento institucional en que poderán colaborar tamén as comunidades autónomas, fundacións ou sector produtivo.

a) Incorporación dos coñecementos tradicionais, usos e aplicacións para fomentar a utilización dos recursos fitoxenéticos.

b) Participación en instancias e organismos internacionais.

c) Accións de mellora da colaboración nacional dos axentes implicados e capacitación dos membros da rede.

d) Presenza en feiras e mercados, presenza nos medios de comunicación, días de portas abertas nas coleccións de recursos xenéticos e xornadas para técnicos e agricultores.

8. Accións de coordinación e seguimento.

As propias reunións da Comisión descritas no artigo 11 do Regulamento e as dos grupos de traballo por especies e por institucións do Programa nacional.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149. 1, regras 15.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup>, da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre, respectivamente, fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, e lexislación básica sobre protección do ambiente, salvo os preceptos relativos ao mantemento e conservación dos recursos fitoxenéticos, que se ditan ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

1. Sen prexuízo do previsto na disposición transitoria única, a Comisión do Programa Nacional aprobará o primeiro plan de actuación de carácter cuadrienal previsto neste real decreto, conforme o disposto no artigo 8 do Regulamento.

2. Sen prexuízo da aprobación das súas bases reguladoras, as convocatorias das subvencións públicas efectuaranse suxeitas ás dispoñibilidades orzamentarias.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de marzo de 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia  
e para as Administracións Territoriais,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

## REGULAMENTO DO PROGRAMA NACIONAL DE CONSERVACIÓN E UTILIZACIÓN SUSTENTABLE DOS RECURSOS FITOXENÉTICOS PARA A AGRICULTURA E A ALIMENTACIÓN

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Obxecto.*

O presente regulamento ten por obxecto establecer o réxime xurídico para a xestión do Programa nacional sobre os recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación, en desenvolvemento do establecido polos artigos 48, 49, 50 e 51 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos, e crear a Comisión do Programa Nacional de Recursos Fitoxenéticos para a Agricultura e a Alimentación, para dar así cumprimento ao sinalado no número 2 da disposición adicional segunda da citada lei.

##### Artigo 2. *Obxectivos do Programa nacional.*

1. En desenvolvemento dos fins xerais establecidos no artigo 48 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, o Programa nacional terá os seguintes obxectivos:

a) Asegurar a conservación a longo prazo dos recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación no Reino de España, sobre unha base científica e economicamente viable, tanto da diversidade das especies vexetais cultivadas e as súas parentes silvestres no territorio nacional, así como de todas aquelas especies vexetais cuxo potencial xenético as faga susceptibles de utilización en agricultura e alimentación.

b) Garantir a viabilidade e o bo estado sanitario dos recursos conservados en coleccións de sementes ou en coleccións vivas, especialmente fronte ao ataque de enfermidades ou de pragas.

c) Fomentar o uso da diversidade polos sectores de investigación e produción a través de medidas adecuadas e dun maior achegamento ás necesidades e demandas do sector produtivo e da divulgación do valor dos recursos fitoxenéticos.

d) Optimizar o uso dos recursos institucionais, humanos e financeiros relacionados coa conservación e a utilización dos recursos fitoxenéticos, e promover a participación activa das distintas administracións públicas de acordo coas súas respectivas competencias e responsabilidades.

e) Mellorar a competitividade do sector agrario e establecer sinerxías entre todos os sectores nacionais con intereses nos recursos fitoxenéticos, e promover a colaboración nos ámbitos europeo e internacional.

2. Dentro destes obxectivos e recollendo o indicado no artigo 51 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, o Programa nacional, a través dos plans de actuación, establecerá medidas especiais para que a utilización e comercialización dos recursos fitoxenéticos, así como a incorporación dos coñecementos tradicionais de interese para a agricultura e a alimentación, supoñan un beneficio para os agricultores.

##### Artigo 3. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións do artigo 44 da Lei 30/2006, do 26 de xullo.

2. Así mesmo, entenderase por:

a) Xermoplasma: material xenético que constitúe a base física da herdanza e que se transmite dunha xeración á sucesiva mediante as células xerminais.

b) Banco de xermoplasma: a instalación científico-técnica que alberga e custodia coleccións de xermoplasma.

c) Colección de xermoplasma: conxunto de mostras (tamén denominadas entradas ou accesións) de material xenético mantidas en condicións definidas para a súa conservación e utilización. Comprende tanto as especies conservadas por sementes como as de reprodución vexetativa mantidas en campo, *in vitro* ou en crioconservación.

d) Colección base: colección de xermoplasma que mantén, en condicións que permiten a súa conservación a longo prazo, duplicados de seguridade dunha colección activa, e que unicamente subministra material á colección activa, cando sexa necesario.

e) Colección activa: colección de xermoplasma que mantén entradas en condicións de conservación ao menos a curto ou medio prazo e cuxo fin é a subministración de material para o seu uso en actividades de investigación, mellora, uso directo ou outros fins.

f) Actividades permanentes: as actividades tecnolóxicas básicas de conservación e mantemento das coleccións de xermoplasma. Estas actividades inclúen a conservación propiamente dita, a multiplicación e rexeneración, se é preciso, e a documentación.

g) Variedade tradicional: variedade resultante da selección por parte dos agricultores durante tempo suficiente para ter desenvolvido características para unha alta adaptación ás condicións agroecolóxicas das zonas onde se cultiva.

h) Especie silvestre emparentada coas cultivadas: especie vexetal sen uso agrícola e con relación taxonómica ou filoxenética suficientemente próxima a unha especie de uso agrícola como para que se poidan realizar cruzamentos entre ambas.

i) Datos de pasaporte: os que identifican a entrada conservada nunha colección e conteñen información sobre o código ou número identificativo da entrada na colección, a súa denominación tanto taxonómica como comercial ou tradicional segundo o caso, a súa procedencia e o tipo de material de que se trata. No caso de variedades tradicionais ou especies silvestres inclúese tamén a información sobre o lugar onde se obtiveron.

j) Caracterización: descrición dos caracteres herdables dun material vexetal en cuxa expresión a influencia ambiental é nula ou mínima, incluíndo os caracteres morfolóxicos, bioquímicos ou moleculares, analizados mediante as técnicas experimentais adecuadas. Denomínase caracterización primaria a realizada determinando caracteres morfolóxicos facilmente observables, mentres que a caracterización avanzada é máis exhaustiva e inclúe caracteres morfolóxicos, compoñentes químicos, nutricionais adicionais obtidos por técnicas bioquímicas, así como caracteres moleculares. No caso da conservación *ex situ*, a caracterización será considerada como unha actividade de investigación.

k) Avaliación: descrición dos caracteres dun material vexetal cuxa expresión acostuma estar influída por factores ambientais, incluíndo os caracteres agronómicos e de calidade, estimados mediante ensaios experimentais adecuados.

l) Manexo en predios: conservación, selección e utilización da diversidade de variedades tradicionais por parte de agricultores en sistemas agrícolas, de forma que se permita un mantemento dinámico da dita diversidade.

## CAPÍTULO II

### **Programa nacional de conservación e utilización sustentable dos recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación**

#### *Artigo 4. Programa nacional.*

1. O Programa nacional, por medio dos plans de actuación, establecerá as liñas de traballo e as medidas correspondentes para a consecución dos fins e obxectivos establecidos.

2. Os plans de actuación, que terán carácter cuadrienal, determinarán as accións concretas que se financiarán durante o seu período de vixencia, así como as accións de coordinación para a súa execución. Para a súa realización contarán cun compromiso económico anual que terá en conta as dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 5. *Xestión e desenvolvemento dos plans de actuación.*

Corresponde conxuntamente aos órganos competentes designados polo Ministerio de Economía, Industria e Competitividade e polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente o exercicio das actuacións precisas para o desenvolvemento dos plans de actuación, en cumprimento dos fins do Programa nacional e de acordo coa política nacional sobre a materia.

Artigo 6. *Financiamento dos plans de actuación.*

1. De acordo coas súas respectivas competencias, establecidas na Lei 30/2006, do 26 de xullo, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente encargarase de dotar, de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias, as accións de conservación *in situ*, as relacionadas cos coñecementos tradicionais, as de sensibilización, divulgación e desenvolvemento de capacidades humanas e institucionais, así como as relacionadas coa participación en foros internacionais.

2. O Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria financiará as actividades permanentes de conservación da Rede de coleccións do programa nacional e as accións de información e documentación que inciden directamente na eficacia do Inventario nacional, con cargo aos fondos que reciba do Plan estatal de I+D+i.

3. As accións de investigación asociadas á conservación de recursos fitoxenéticos poderán ser financiadas indistintamente polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e polo Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria, con cargo aos seus respectivos orzamentos.

4. As comunidades autónomas poderán apoiar os plans de actuación contribuíndo ao seu financiamento ou a través dos seus propios programas específicos ou de accións ou iniciativas individuais noutros programas existentes. Así mesmo, poderanse incorporar outros fondos, xa sexan privados como os procedentes de fundacións ou doutras institucións públicas.

Artigo 7. *Accións do Programa nacional.*

1. As accións en desenvolvemento do Programa nacional executaranse a través dos plans de actuación de carácter cuatrienal, segundo os criterios e prioridades que marquen estes. Estas accións serán as que contén este artigo.

2. Accións de conservación.

a) No ámbito da conservación *ex situ*:

1.<sup>a</sup> Prospección, recolección de recursos fitoxenéticos autóctonos de importancia socioeconómica de especies agrícolas e silvestres emparentadas, en particular os de especies menores e en desuso e os existentes en zonas marxinais para o seu cultivo, incluíndo os datos ecoxeográficos e os coñecementos tradicionais asociados.

2.<sup>a</sup> Conservación, multiplicación e rexeneración dos recursos fitoxenéticos da Rede de coleccións. Deberase asegurar o bo estado sanitario e a viabilidade dos materiais.

3.<sup>a</sup> Caracterización primaria dos recursos fitoxenéticos.

4.<sup>a</sup> Duplicación de seguridade das coleccións de sementes e plantas vivas, xa sexa na colección base do CRF, noutras coleccións nacionais no caso de especies de multiplicación vexetativa ou en organizacións internacionais.

b) No ámbito da conservación *in situ*:

1.<sup>a</sup> Apoio ao manexo en predios de cultivos de variedades tradicionais así como a promoción da comercialización delas.

2.<sup>a</sup> Conservación no seu hábitat de especies silvestres emparentadas coas cultivadas e plantas silvestres con valor potencial para a agricultura e a alimentación, tendo en conta os instrumentos de protección e xestión da biodiversidade silvestre.



3. Investigación sobre recursos fitoxenéticos para mellorar a eficacia da conservación, xestión e utilización de coleccións.

a) Desenvolvemento dos métodos máis aptos para a conservación a longo prazo que contribúan a garantir a viabilidade e o bo estado sanitario do material.

b) Caracterización e avaliación dos materiais incluíndo a descrición do valor agronómico e industrial.

c) Racionalización de coleccións grandes mediante a identificación de duplicados e a creación de coleccións nucleares co obxectivo conservar o máximo de biodiversidade.

4. Accións de información e documentación que inciden directamente na eficacia do Inventario nacional que é, pola súa vez, a ferramenta de intercambio de información entre conservadores, usuarios dos recursos xenéticos e o nexa de unión con bases de datos internacionais.

a) Catalogación de datos tanto de pasaporte como de caracterización primaria e avanzada.

b) Aplicación de ferramentas da bioinformática e os sistemas de información xeográfica para mellorar o estado do coñecemento e documentación dos recursos fitoxenéticos.

c) Desenvolvemento e mantemento dunha infraestrutura española de información sobre recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación.

5. Accións de sensibilización, divulgación e desenvolvemento de capacidades humanas e institucionais.

6. Participación en foros internacionais.

7. Accións de coordinación e seguimento, que establecerán a Comisión do Programa Nacional cuxas funcións se describen no artigo 11, así como os grupos de traballo ou comités científico-técnicos. Potenciarase, así mesmo, a coordinación entre institucións para evitar as duplicidades de coleccións e accións.

#### Artigo 8. *Unidades xestoras dos plans de actuación.*

1. Serán unidades xestoras dos plans de actuación o órgano designado polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e o Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

2. A responsabilidade da xestión dos plans de actuación corresponderán a cada unidade xestora, de acordo co establecido nos números 1 e 2 do artigo 6 deste regulamento. Non obstante, poderanse deseñar accións específicas que sexan responsabilidade conxunta das dúas unidades xestoras.

3. Para o desenvolvemento dos plans de actuación, o ministro de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e o presidente do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria, no ámbito das súas competencias, poderán establecer instrumentos de financiamento plurianuais para a realización de actividades e convocatorias plurianuais de subvencións públicas para a realización de accións.

4. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e o Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria, como unidades xestoras dos plans de actuación, encargaranse de desenvolver as seguintes funcións:

a) Elaborar conxuntamente a proposta dos plans de actuación, que poderán prever a proposta de establecemento de bases reguladoras para a concesión de axudas para a realización de accións.

b) Publicar a través dos seus propios medios os plans de actuación cuadrienais aprobados pola Comisión do Programa Nacional.

c) Establecer, se for o caso, as bases reguladoras ou outros procedementos, para xestionar as axudas propias.

- d) Realizar un seguimento das accións financiadas que, en todo caso, incluírán a recepción dos informes anuais dos beneficiarios das axudas, visitas de seguimento de técnicos designados para esta función e a recepción dun informe final.
- e) Preparar unha memoria anual sobre o cumprimento dos plans de actuación.
- f) Fomentar a divulgación dos resultados das accións financiadas polos plans de actuación do Programa nacional.

### CAPÍTULO III

#### Elementos e órganos do Programa nacional

##### Artigo 9. *Comisión do Programa Nacional.*

1. Constituirase unha Comisión do Programa Nacional de Conservación e Utilización dos Recursos Fitoxenéticos para a Agricultura e a Alimentación como órgano colexiado adscrito á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co previsto na disposición adicional segunda da Lei 30/2006, do 26 de xullo, coa finalidade de coordinar as actuacións das diferentes administracións competentes na dita materia.

2. O funcionamento da Comisión do Programa Nacional rexeráse polo disposto nos artigos 15 a 22 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, sen prexuízo das particularidades previstas no presente regulamento.

##### Artigo 10. *Composición da Comisión do Programa Nacional.*

1. A Comisión do Programa Nacional estará integrada por:

a) Un presidente e un vicepresidente. A Comisión estará presidida polo subdirector xeral do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente que teña asignada a competencia na materia, actuando como vicepresidente, que substituirá o presidente en caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o director do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria.

b) Un secretario, funcionario de grupo A da Subdirección Xeral do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente a que se refire o parágrafo anterior, designado polo presidente.

c) Os vogais, nomeados por tres anos naturais, polo presidente, de acordo cos seguintes criterios:

1.º Dous funcionarios adscritos ao INIA, un dos cales será o subdirector xeral de Prospectiva e Coordinación de Programas, e o outro, o director do Centro Nacional de Recursos Fitoxenéticos.

2.º Un funcionario adscrito á subdirección xeral da que sexa responsable o presidente, que será o xefe de área do Rexistro de Variedades.

3.º Un funcionario, ao menos de nivel 26, da Subdirección Xeral de Medio Natural do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

4.º Tres representantes das comunidades autónomas que decidan integrarse neste órgano, designados de maneira rotatoria cada ano pola Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural.

5.º Un representante de cada unha das organizacións profesionais agrarias, acreditadas ante o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, designados polas ditas organizacións.

6.º Un representante de cada unha das organizacións, de carácter nacional, que representan o sector da obtención de variedades, designados por elas.

7.º Tres representantes do sector da investigación pública en recursos fitoxenéticos, designados polo Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

8.º Un representante de cada unha das organizacións, de carácter nacional, que representan o sector da produción de sementes e de material vexetal de reprodución.

9.º Un representante da sociedade civil, asociacións ou organizacións non gobernamentais de carácter nacional cuxos obxectivos estean relacionados cos recursos fitoxenéticos.

10.º Un experto en sanidade vexetal ou en patoloxía de sementes.

2. Así mesmo, poderán asistir ás reunións da Comisión os invitados ou asesores que decida o presidente, directamente ou por proposta do vicepresidente, que terán voz pero non voto, cun número máximo de cinco.

3. O nomeamento dos membros da Comisión realizarase de acordo co principio de presenza equilibrada de mulleres e homes, salvo por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas, de conformidade co previsto na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

4. A creación e o funcionamento da Comisión non suporán incremento de gasto e serán atendidos cos medios persoais e materiais da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, sen que poida comportar incremento de retribucións ou doutros gastos de persoal. Especificamente, non se aboará compensación ningunha aos asesores ou invitados nin aos asistentes que non sexan persoal da Administración.

5. A Comisión poderá aprobar as súas normas de funcionamento, que deberán axustarse ás previsións sobre órganos colexiados contidas no artigo 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

#### Artigo 11. *Funcións da Comisión.*

A Comisión do Programa Nacional terá as seguintes funcións:

a) Analizar e aprobar os plans de actuación cuadrienais previstos neste real decreto de acordo coas propostas presentadas conxuntamente polo INIA e o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, conforme o disposto no artigo 8.

b) Valorar a aplicación e cumprimento do Programa nacional a través das accións concretas establecidas nos plans de actuación cuadrienais e informar e asesorar sobre as decisións pertinentes, que deba tomar o presidente, para asegurar a correcta aplicación e cumprimento do dito programa.

c) Establecer os mecanismos de coordinación, seguimento e avaliación do plan de actuación que permita detectar os problemas e propor accións correctivas que aseguren o seu bo funcionamento.

d) Aprobar o proxecto de memoria anual do desenvolvemento dos plans de actuación, que será elaborado polas unidades xestoras con indicación do orzamento executado.

e) Analizar os acordos internacionais subscritos e ratificados polo Reino de España respecto aos recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación, e disposicións nacionais e autonómicas que existan ao respecto, e que poidan afectar o Programa nacional e, en concreto, a Rede de coleccións, e establecer os mecanismos de cooperación internacional.

f) Analizar as propostas sobre normativa, coordinación e difusión que se formulen para unha mellor conservación e utilización sustentable dos recursos fitoxenéticos.

g) Establecer as condicións técnicas de incorporación de coleccións á Rede de coleccións do programa nacional, así como os mecanismos de coordinación necesarios e propor solucións a problemas que se formulen respecto ás dificultades de mantemento de coleccións por parte das institucións que forman parte da Rede de coleccións.

h) Decidir sobre a incorporación de novas coleccións á Rede de coleccións do programa nacional de acordo coas condicións técnicas establecidas.

i) Asesorar sobre os asuntos que lle sexan sometidos en relación co Programa nacional e os plans de actuación.

j) Emitir informe sobre os propios programas nacionais ou sobre as súas modificacións.

*Artigo 12. Reunións da Comisión.*

1. O presidente convocará a Comisión por escrito, ao menos con quince días de antelación, á celebración dunha reunión, ao menos unha vez ao ano, sen prexuízo da súa facultade para convocala cando o considere conveniente.

2. A orde do día fixaraa o presidente, tendo en conta, se for o caso, as peticións formuladas por escrito dos demais membros da Comisión.

3. O quórum para a válida constitución da Comisión para efectos da celebración de reunións, deliberacións e toma de acordos requirirá a presenza do presidente e do secretario da Comisión ou, se for o caso, de quen os substitúa, e da metade máis un do resto de compoñentes.

4. Os acordos serán adoptados por maioría simple dos asistentes á sesión. O voto de quen teña a presidencia da Comisión será dirimente no suposto de empate.

5. De cada sesión redactarase a acta que conterá, como mínimo, as circunstancias de tempo e lugar en que se celebrou, a relación de asistentes, a orde do día da reunión, os puntos tratados e a descrición das propostas e acordos. As actas asinarasas quen desempeñe a secretaría da Comisión, co visto e prace da presidencia da Comisión, e someteranse á súa aprobación na sesión seguinte.

6. Os membros da Comisión participarán nas reunións cos medios propios dos seus organismos. Especificamente, a pertenza á Comisión ou a asistencia ás súas reunións non suporá dereito a retribución ningunha por parte da Administración xeral do Estado, sen prexuízo, para o persoal ao servizo das administracións públicas, da percepción das indemnizacións que poidan corresponder de acordo co Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou normas autonómicas correspondentes.

7. Sen prexuízo da obrigatoriedade da reunión presencial anual da Comisión, de acordo co previsto no artigo 2.4 de Real decreto 776/2011, do 3 de xuño, polo que se suprimen determinados órganos colexiados e se establecen criterios para a normalización na creación de órganos colexiados na Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos, o réxime ordinario de celebración das reunións será o telemático.

*Artigo 13. Rede de coleccións do programa nacional.*

1. Poderán formar parte da Rede de coleccións do programa nacional os organismos pertencentes ás administracións públicas que así o soliciten, e cumpran as condicións que máis abaixo se indican. Atenderase especialmente a aquelas coleccións que conserven variedades tradicionais españolas ou material silvestre emparentado procedente do territorio español.

2. A incorporación das coleccións á Rede de coleccións e as condicións técnicas de incorporación decidiraas a Comisión Nacional. As autoridades responsables das coleccións que se encontran incluídas no Inventario nacional (<http://www.inia.es/inventarionacional/>) terán un ano, a partir da publicación do presente real decreto, para solicitar ao presidente da Comisión Nacional o seu interese de incorporarse formalmente á Rede. O director do Centro Nacional de Recursos Fitoxenéticos será o encargado de notificar ao banco de xermoplasma a súa acreditación como membro da Rede de coleccións e indicará as especies de cuxa conservación é responsable.

3. Principios que debe cumprir a Rede de coleccións:

a) Non debe existir unha colección activa de sementes sen unha colección base que a apoie. As coleccións base e activa de sementes deben ser independentes.

b) As coleccións de especies de reprodución vexetativa manteranse nos lugares que reúnan as condicións máis adecuadas para o seu correcto desenvolvemento e mantemento, coa obrigaón de ter tamén un duplicado de seguridade.

c) Nunca debe manterse unha colección activa con menoscabo da colección base que a apoia.

d) Tanto o material recollido e aínda non multiplicado como as novas entradas deberán multiplicarse para completar o número mínimo de sementes ou de material de

reproducción vexetativa que se vai conservar nas coleccións base e para que se poida realizar o intercambio que se determine nas activas.

e) Procurarase que as coleccións conserven a máxima diversidade presente dentro da especie.

4. As coleccións activas da Rede de coleccións do programa nacional deberán dispor de sementes ou material vexetativo de reprodución en cantidade e calidade suficiente para atender as solicitudes que se reciban e que se axusten á normativa nacional e aos acordos internacionais vixentes subscritos polo Reino de España.

5. Entre os compromisos adquiridos polos ditos acordos internacionais seguirase a obrigaçión de incluír as coleccións pertinentes no sistema multilateral do Tratado internacional sobre os recursos fitoxenéticos para a alimentación e a agricultura (TIRFAA), e a súa notificación ao órgano reitor do Tratado, a través da canle correspondente, e a obrigaçión de utilizar o Acordo normalizado de transferencia de material do Tratado internacional para todas as transferencias de material reguladas polo dito tratado.

6. Os recursos fitoxenéticos das coleccións activas de recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación de especies cultivadas e silvestres emparentadas coas cultivadas non incluídas no sistema multilateral do TIRFAA, e que se encontren incluídas na Rede de coleccións do programa nacional, transferiranse aos usuarios seguindo as disposicións do Protocolo de Nagoia e do Regulamento (UE) n.º 511/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, relativo ás medidas de cumprimento dos usuarios do Protocolo de Nagoia sobre o acceso aos recursos xenéticos e participación xusta e equitativa nos beneficios que deriven da súa utilización na Unión. Porén, considerarase que os usuarios exerceron a dilixencia debida cando estes recursos fitoxenéticos se adquiren baixo os termos e condicións do Acordo normalizado de transferencia de material (ATM) para efectos do establecido no TIRFAA conforme o previsto no artigo 4.4 do Regulamento (UE) n.º 511/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014.

7. Así mesmo, corresponde aos bancos de xermoplasma de coleccións activas o rexistro das solicitudes de acceso a recursos fitoxenéticos recibidas e atendidas.

#### Artigo 14. *Obrigaçións das coleccións do Programa nacional.*

1. A incorporación á Rede de coleccións do programa nacional implica a obrigaçión de entregar no CRF un duplicado de seguridade para proceder á súa conservación no caso de que os recursos fitoxenéticos en cuestión se multipliquen por sementes.

2. Corresponde ás coleccións que integran a Rede de coleccións do programa nacional a xestión e difusión dos datos de pasaporte e caracterización. Tamén corresponde ás coleccións incluídas na Rede do programa nacional enviar os datos de pasaporte das súas coleccións ao CRF para a súa incorporación ao Inventario nacional.

3. As coleccións incluídas na Rede de coleccións do programa nacional deberán cumprir as normas técnicas para bancos de xermoplasma establecidas pola FAO, ao menos, nos seus aspectos esenciais.

4. Deberán integrarse tamén na Rede de coleccións aquelas variedades cuxa inscrición no Rexistro de Variedades Comerciais ou no Rexistro de Variedades Protexidas se cancelase definitivamente, sempre que se conserve material da mostra oficial na colección de referencia ou se teña material de partida debidamente conservado. Con este propósito, o CRF solicitará información periodicamente á subdirección xeral competente do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, e pedirá o envío das mostras correspondentes das citadas variedades para a súa incorporación á colección base do CRF e á colección activa da rede que corresponda.

Artigo 15. *O Centro Nacional de Recursos Fitoxenéticos (CRF).*

O Centro Nacional de Recursos Fitoxenéticos do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria terá, ademais das funcións indicadas no artigo 50 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, as seguintes funcións en relación co Programa nacional:

- a) Colaborar de forma permanente coas coleccións incluídas na Rede de coleccións do programa nacional, nas accións de documentación das coleccións para o mantemento da información do Inventario nacional.
- b) Conservar, rexenerar, multiplicar e caracterizar as coleccións activas ao seu cargo.
- c) Coordinar a racionalización de Rede de coleccións, así como colaborar na súa avaliación para caracteres importantes en mellora xenética, incluíndo caracteres de interese agroalimentario.
- d) Contribuír a definir a orientación dos plans de actuación cuadrienais do Programa nacional.
- e) Cooperar na coordinación das accións científico-técnicas financiadas con cargo ás correspondentes convocatorias dos programas estatais relacionados.
- f) Servir de enlace entre o Programa nacional e os programas internacionais de carácter científico-técnico sobre conservación e utilización dos recursos fitoxenéticos e de forma especial co Programa cooperativo europeo de recursos xenéticos dos cultivos (ECPGR).
- g) Asesorar, por encomenda da autoridade competente, as delegacións españolas en instancias internacionais e da Unión Europea relacionadas cos recursos fitoxenéticos.

Artigo 16. *O Inventario nacional de recursos fitoxenéticos.*

1. O Inventario nacional de recursos fitoxenéticos estará constituído pola información de pasaporte dos materiais incluídos na Rede de coleccións do programa nacional.
2. O Inventario nacional indicará, para cada entrada de cada colección, os datos do lugar de procedencia, a designación alfanumérica identificativa, a colección en que se encontra o seu responsable, a localización desta e a forma en que o material se encontra dispoñible. O Inventario nacional incluírá tamén unha lista das institucións participantes na Rede de coleccións, indicando os datos de contacto do conservador responsable de cada unha das coleccións incluídas na Rede.
3. O Inventario nacional poderá incluír tamén calquera outra información relacionada coa conservación *in situ* e *ex situ* dos recursos fitoxenéticos, a súa utilización e outras accións relacionadas.
4. O Centro Nacional de Recursos Fitoxenéticos, en coordinación cos bancos de xermoplasma que integran a Rede de coleccións do programa nacional, xestionará o Inventario nacional.

Artigo 17. *Funcións do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente en relación co Programa nacional.*

O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente terá as seguintes funcións en relación co Programa nacional:

- a) Definir a orientación dos plans de actuación do Programa nacional.
- b) Cooperar na coordinación das accións financiadas con cargo ás correspondentes convocatorias dos plans de actuación de carácter cuadrienal, en particular as relacionadas co manexo en predios de cultivos e variedades tradicionais e coa conservación *in situ* de especies silvestres emparentadas coas cultivadas e plantas silvestres con valor potencial en agricultura e alimentación.
- c) Representar o Programa nacional e actuar como interlocutor ante a Unión Europea e outras organizacións ou foros internacionais, sen menoscabo das competencias doutros órganos directivos do departamento.
- d) As demais funcións que a Lei 30/2006, do 26 de xullo, e este regulamento lle atribúen.